

RESOLUCIÓN do 16 de marzo de 2023, da Universidade de Santiago de Compostela pola que se fai pública a convocatoria de axudas para o apoio á preparación de propostas ás convocatorias *Marie Skłodowska-Curie Action - Postdoctoral Fellowships* (MSCA-PF) dentro do programa Horizonte Europa para o ano 2023.

Exposición de Motivos

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) no exercicio das súas funcións ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento social, económico e cultural da sociedade galega que a sustenta busca acadar niveis de excelencia en todos os ámbitos e, especialmente, no da investigación. Para tal fin, de acordo co artigo 144 dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro da Xunta de Galicia (DOG nº 29 do 12 de febreiro de 2014), a USC apoia o desenvolvemento dunha investigación de calidade tanto mediante a promoción da participación do seu persoal investigador en convocatorias competitivas como a través do desenvolvemento de plans e axudas de investigación propias, aplicando medios de financiamento na medida das súas dispoñibilidades orzamentarias.

Así mesmo, a Programación Plurianual 2023-2026 (aprobada polo Consello de Goberno o 28 de decembro de 2022) na súa *Liña de actuación 4.1 Estructurar a Investigación*, inclúe entre os seus obxectivos *Potenciar as estruturas de Investigación e ampliar a súa autonomía funcional* para o que define entre outras a *Acción 4.1.3. Potenciación da captación de talento internacional*.

O Programa Marco de Investigación e Innovación da Unión Europea, denominado Horizonte Europa, estrutúrase en varios bloques entre os que o Piar 1 está centrado na “Ciencia Excelente”. Dentro do mesmo hai que salientar as Accións Marie Skłodowska-Curie (MSCA, nas súas siglas en inglés) e especificamente as Axudas Posdoutorais (*Postdoctoral Fellowships* ou *PF*), cuxo obxectivo é apoiar o desenvolvemento da carreira profesional do persoal investigador e fomentar a investigación de excelencia. Neste sentido, a participación da USC e do seu persoal investigador como supervisor científico de proxectos presentados na modalidade MSCA-PF contribúe tanto ao obxectivo de desenvolver unha actividade investigadora de calidade como ao de potenciar a atracción e captación de talento internacional.

Porén, o proceso de avaliación desta tipoloxía de proxectos conta con aspectos formais, non científicos, que teñen unha gran relevancia durante a fase de selección, motivo polo que un asesoramento e revisión crítica dos mesmos por parte de especialistas nestes programas pode mellorar as posibilidades de ser seleccionados e financiados.

Por estas razóns, considérase oportuno facilitar, a través dunha convocatoria interna, o acceso a servizos de revisión especializados externos, ao persoal investigador da USC que vaia supervisar o desenvolvemento de proxectos presentados nas convocatorias da referida modalidade MSCA-PF nos que a USC sexa a “Institución de Acollida” (*Host Institution*) e o seu persoal investigador actúe como “Supervisor Científico” (*Scientific Supervisor*) dando cumprimento á obriga estatutaria de desenvolvemento dunha investigación de excelencia e aos obxectivos da Programación Plurianual (2023-2026) no eixe 4. *A investigación e a innovación como motor de desenvolvemento*.

Porén, esta convocatoria non se corresponde cunha axuda ou subvención pública, xa que non está dirixida a beneficiarios/as que foran terceiras partes respecto da USC, senón que son parte da mesma e a realización de actividades que se prevén inclúe os cometidos que lles corresponde prestar no seu seo en virtude de relación laboral ou

funcionarial. Polo tanto, enténdese como un sistema de determinación participativo do destino de recursos da USC para o desenvolvemento da súa política científica.

Por conseguinte, no marco da resolución reitoral do 21 de abril de 2022 (DOG 26/04/2022) sobre delegación de competencias en materia da promoción de accións orientadas a mellorar a proxección internacional dos grupos e estruturas de investigación,

RESOLVO

- 1º Aprobar e facer pública a seguinte convocatoria de axudas para o apoio á preparación de propostas ás convocatorias Marie Skłodowska-Curie Action - Postdoctoral Fellowships (MSCA-PF), dentro do programa Horizonte Europa.
- 2º A presente convocatoria rexerese polas normas específicas contidas nesta resolución en nas súas bases (Anexo 1) e axustarase, no que atinxe á utilización de fondos, ao previsto no Regulamento de Xestión Orzamentaria da USC.
- 3º Corresponde ao Reitor da USC a adopción das medidas necesarias para o cumprimento do establecido na presente convocatoria que terá efecto desde o día seguinte da súa publicación na sede electrónica da USC.
- 4º Corresponde igualmente ao Reitor da USC a competencia de ditar a decisión que proceda, que será obxecto de publicidade interna mediante a súa inserción no taboleiro electrónico da USC.
- 5º As actividades ás que se refire esta convocatoria financiaranse con cargo ao orzamento da USC para o ano 2023, no que se destina unha dotación de quince mil euros (15.000€) na partida 8050.2301.64100. O número de axudas, dependendo das solicitudes presentadas, a viabilidade das mesmas e as disponibilidades orzamentaria, límitase inicialmente a quince (15).

Se no momento da distribución de fondos obxecto desta convocatoria, se contara con fondos adecuados, poderá incrementarse a dotación prevista no parágrafo anterior para atender a un maior número de solicitudes, circunstancia que se fará constar na decisión do Reitor sobre o financiamento concedido ás persoas candidatas na mesma.
- 6º A contía de cada axuda poderá ser de ata un máximo de mil euros (1.000€) para cubrir os gastos asociados á viaxe e estadía de investigación do persoal investigador que vaia solicitar unha proposta MSCA-PF a desenvolver na USC e, a través da Vicerreitoría de Política Científica, contará cos servizos de revisión especializados externos das propostas a presentar.
- 7º A xustificación das accións realizarase conforme ao previsto nas bases da convocatoria e a execución económica segundo o establecido no Regulamento de Xestión Orzamentaria da USC (do 29 de decembro do 2020).
- 8º O financiamento das Actividades seleccionadas poderá ser revisada polo Reitor da USC, mediante expediente contradictorio, e a proposta do Vicerreitor de Política Científica, cuxa resolución poderá dar lugar á exclusión da actividade seleccionada.

No suposto de exclusión por incumprimento do obxectivo ou normas previstas na convocatoria, procederá, no seu caso, a restitución dos fondos con cargo aos

créditos dispoñibles da persoa beneficiaria ou subsidiariamente do grupo de Investigación ao que pertence, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrerá como causante de prexuízos ao haber da universidade e ao amparo das disposicións en materia de responsabilidade administrativa, patrimonial e contable que atinxe ao persoal empregado público.

Santiago de Compostela

Por delegación do Reitor (Resolución do 21/04/22, DOG 26/04/22))

O Vicerreitor de Política Científica,

Vicente Pérez Muñuzuri

(Sinatura dixital)

ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA

Artigo 1. Natureza e obxecto da convocatoria

1. A presente convocatoria é de orde interno e potestativo, non estando suxeita a un procedemento regrado específico nin á normativa sobre subvencións e axudas públicas, toda vez que a súa finalidade é recoller solicitudes do persoal investigador da USC para, tras un proceso de selección, financiar aquelas que se consideren as máis axeitadas par atender ao obxectivo de impulsar a participación da comunidade investigadora en convocatorias de ámbito internacional.
2. O obxecto da presente convocatoria é a concesión de axudas dirixidas ao persoal investigador que vaia presentar unha proposta na convocatoria **HORIZON-MSCA-2023-PF-01-01** na que a USC actúe como institución de acollida (*Host Institution*).
3. A axuda contará con dúas compoñentes:
 - a. Un máximo de mil euros (1.000€) para cubrir exclusivamente os gastos derivados da viaxe e estadía de ata unha (1) semana de duración na USC do persoal investigador que vaia presentar unha proposta coa USC como institución de acollida na convocatoria indicada no apartado 2 anterior.
 - b. Os servizos, proporcionados a través da Vicerreitoría de Política Científica, para a revisión e mellora técnica, por parte dun/dunha revisor/a externo/a ou dunha consultora externa, das propostas a presentar.

Artigo 2. Imputación orzamentaria.

O financiamento da presente convocatoria por un importe máximo de 15.000€ efectuarase con cargo á partida 8050.20A1.64600 do orzamento da USC para o que hai reservado o importe máximo indicado.

Artigo 3. Persoas solicitantes das axudas

1. Poderá solicitar axudas o persoal investigador que pertenza ao cadro de persoal docente e investigador da USC e, estando integrado nalgún dos grupos de investigación rexistrado no Catálogo de Grupos de Investigación da USC, vaia actuar como Supervisor Científico (*Scientific Supervisor*) do proxecto.
2. Quedará excluído aquel persoal investigador adscrito a algún dos Centros de Investigación da USC que se integran na Rede de Centros de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (CIGUS).

Artigo 4. Formalización e Presentación de solicitudes

1. A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela na seguinte ligazón:

<https://forms.office.com/e/9DCiBxR6cW>

2. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- a. Curriculum vitae Curto (CVA) do/a investigador/a (candidato/a) que se presenta á convocatoria MSCA-PF, no que quede reflectido o cumprimento dos criterios de elixibilidade (Documento 2 do Anexo II)
- b. Breve descrición da proposta xustificando o interese científico e innovador do proxecto, indicando os méritos máis salientables indicando os motivos polos que opta pola USC como Institución de Acollida (*Host Institution*) (Documento 3 do Anexo II)
- c. Experiencia do/a Supervisor/a Científico/a en accións Marie Sklodowska-Curie.

Artigo 5. Presentación de solicitudes.

1. As solicitudes, debidamente cumprimentadas no modelo establecido ao efecto e asinadas pola persoa solicitante presentaranse na Sede Electrónica da USC indicando os seguintes datos:
 - Órgano ao que vai dirixida: Vicerreitoría de Política Científica
 - Asunto da solicitude: Axudas para presentar proxectos MSCA-PF
 - Exposición: Indicar o código do grupo de investigación ao que pertence a persoa solicitante.
 - Solicita: Participar na convocatoria de axudas
2. O prazo de presentación de solicitudes iníciase a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria. A mesma será continua con datas de corte mensuais recolléndose as distintas solicitudes para a súa avaliación e selección.
3. Unha vez recibidas as solicitudes e no suposto de que non inclúan toda a información esixida, requirirase ás persoas interesadas para que no prazo de 5 días naturais, a contar desde o seguinte ao da súa comunicación, emenden o defecto ou aporten a documentación correspondente. As persoas solicitantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión serán definitivamente excluídas do procedemento de concesión das axudas.
4. O procedemento iníciase ao día seguinte de finalizar o prazo de presentación de solicitudes. A concesión ou denegación das axudas levarase a cabo mediante Resolución do Reitor nos termos establecidos na proposta realizada polo órgano instrutor do procedemento, no prazo máximo de un (1) mes, contado a partir do último día de presentación das solicitudes.
5. No caso de non se levar a cabo a resolución de concesión no prazo sinalado, entenderanse desestimadas as solicitudes.

Artigo 6. Comisión de Selección.

1. As solicitudes que foran admitidas serán avaliadas por unha Comisión de Selección integrada por:
 - a) O Vicerreitor de Política Científica, que actuará como presidente,
 - b) Dous (2) membros da Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno, a proposta da mesma, e
 - c) O Director da Área de Promoción e Estratexia Científica, que actuará como

secretario, con voz pero sen voto.

2. Á vista da documentación aportada, a Comisión de Selección elaborará unha listaxe ordenando as solicitudes de conformidade coas puntuacións obtidas e comezando pola de maior puntuación. A Comisión de selección comunicará o resultado da valoración ao órgano instrutor do procedemento.
3. Non será preciso fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos no caso de que o crédito consignado na convocatoria fora suficiente, atendendo ao número de solicitudes e unha rematado o prazo de presentación

Artigo 7. Criterios de valoración.

1. Para establecer a orde de prelación indicada no artigo anterior, asignarase a cada solicitude unha puntuación numérica de acordo aos seguintes criterios:

a) CVA do candidato ou candidata, ata 7 puntos. Para a mesma teranse en conta:

- i. Contribucións científico-técnicas. Poderán valorarse, entre outros, os méritos curriculares do/a candidato/a, así como a súa adecuación ás tarefas a realizar en función da formación e experiencia profesional. Tamén poderá ser obxecto de valoración a relevancia das contribucións do/a candidato/a en artigos publicados en revistas científicas, das revistas científicas no Q1 do JCR e Scopus ou A+ e A segundo os criterios de CIRC, Clasificación Integrada de Revistas Científicas, libros ou capítulos de libros científicos e técnicos, patentes concedidas ou licenciadas, traballos presentados en congresos, actividades de formación, de xestión, de transferencia de tecnoloxía e de divulgación científica, e en xeral, calquera outra achega que permita valorar a relevancia dos diferentes aspectos da actividade investigadora desenvolvida.
- ii. Mobilidade e internacionalización. Poderán valorarse, entre outros, a relevancia das estadias da persoa candidata en centros nacionais e internacionais (prestixio do centro de recepción da estadia, aportacións do/a candidato/a ás liñas de traballo do centro e grupo/s cos que traballou)..
- iii. Liderado. Poderán valorarse, entre outros, o grao de independencia investigadora adquirida pola persoa aspirante ao longo da súa traxectoria profesional incluíndo: a participación en proxectos de investigación como investigador principal, a captación de recursos, incluído o financiamento a través da participación en accións relacionadas con programas e proxectos tanto nacionais como internacionais, incluídos os financiados por empresas e outras entidades privadas, a dirección de teses doutorais e calquera outra experiencia científica e profesional de relevancia.

b) Historial científico-técnico do grupo ao que pertenza o/a Supervisor Científico/a, ata 3 puntos.

Terase en conta a media na puntuación da produción científica dos anos 2020 e 2021 (https://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/5586_gl.pdf) dividida entre o número de persoal docente e investigador a tempo completo que é membro do grupo.

c) Experiencia do/a Supervisor/a Científico/a noutras accións MSCA, ata 2 puntos

- d) Se a persoa candidata presentou unha proposta similar en convocatorias anteriores e na súa avaliación obtivo o denominado “*Seal of Excellence*”: 1 punto adicional.
2. A puntuación mínima necesaria para superar a avaliación será de 8 puntos.
3. No caso de dous ou máis solicitudes co mesmo número de puntos terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes presentadas por mulleres (atendendo a Acción 3.4 do III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC (2021-2024) e, en segundo lugar que a proposta presentada estea nos paneis de avaliación de Ciencias Sociais e Humanidades (SOC) e Ciencias Económicas (ECO) das MSCA.

Artigo 8. Resolución e comunicación

1. A Comisión de Selección formulará a oportuna proposta de resolución provisional, que poderá ser consultada no taboleiro electrónico da USC, para que nun prazo de cinco (5) días naturais, as persoas solicitantes poidan presentar as alegacións que consideren convenientes. Poderá prescindirse do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as presentadas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá carácter de definitiva.
2. Realizada a proposta de resolución definitiva, a mesma será comunicada ás persoas beneficiarias da axuda, que poderán renunciar á mesma no prazo de cinco (5) días naturais desde a súa comunicación.
3. A resolución definitiva será publicada no taboleiro electrónico da USC e deberá indicar a relación das persoas solicitantes para as que se propón a axuda e a contía.

Artigo 9. Pagamento das axudas

1. O financiamento librarase con cargo ao orzamento da USC para 2023 mediante a transferencia de fondos como dotación orzamentaria na partida habilitada para tal fin.
2. A execución das axudas realizarase segundo o establecido no Regulamento de Xestión Orzamentaria da USC.

Artigo 10. Obrigas do persoal beneficiario, xustificación e control das axudas.

1. O persoal investigador cuxa solicitude sexa seleccionada e obxecto de financiación comprométese a:
 - a. Destinar a axuda ao fin para o que foi concedida
 - b. Presentar, de ser o caso, copia da proposta presentada na Vicerreitoría de Política Científica
 - c. Presentar, de ser o caso, a declaración de todas as axudas obtidas para financiar a actividade, aceptando a minoración que aplicable.
 - d. Executar o gasto antes do 31/08/2023.
2. O persoal investigador que actúe como Supervisor/a Científico/a colaborará activamente coa persoa candidata na preparación da proposta a presentar e coa Vicerreitoría de Política Científica na fase de revisión por parte dun/dunha revisor/a

externo/a ou dunha consultora externa.

3. As accións das solicitudes seleccionadas e financiadas quedarán sometidas á comprobación técnica e económica que proceda realizar polos servizos da Vicerreitoría de Política Científica, pola Área de Xestión da Investigación ou, no seu caso, por outros servizos e unidades de control da USC.

Artigo 11. Devolución da axuda

No caso de incumprimento das obrigas contraídas ou non execución da axuda concedida no prazo establecido poderá acordarse a restitución do financiamento concedido.

Artigo 12. Compatibilidade das axudas

Esta axuda será compatible coa percepción doutras axudas, subvencións ou recursos procedentes doutras Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou da Unión Europea ou de organismos internacionais para o mesmo fin, sempre que o importe conxunto de todas as aportacións non supere o total do custo da actividade.

ANEXO II

Convocatoria de axudas para o apoio á preparación de propostas ás convocatorias *MARIE SKLODOWSKA-CURIE ACTION - POSTDOCTORAL FELLOWSHIPS (MSCA-PF)*, dentro do programa Horizonte Europa, para o ano 2023.

Documento 1. Formulario de Solicitud

Nome do solicitante (coordinador do Grupo de Investigación da USC):	
Grupo de Investigación (Código e Nome)	
Teléfono de contacto :	
Correo-e de contacto :	
Nome do/a Supervisor/a Científico/a na USC:	
Departamento do/a Supervisor/a :	

Nome da persoa candidata:	
Apelido da persoa candidata:	
Nacionalidade:	
Modalidade MSCA-PF á que opta	A MSCA-PF European Fellowships B MSCA-PF Global Fellowships
Si B, Entidade na que desenvolverá a Fase 1	
Panel de avaliación á que se presentará a proposta :	CHE (Química) ECO (Ciencias Económicas) ENG (Ciencias da Información e Enxeñarías) ENV (Medio ambiente e Xeociencias) LIF (Ciencias da Vida) MAT (Matemáticas) PHY (Física) SOC (Ciencias Sociais e Humanidades)
Período estimado da estadia na USC	De DD/MM a DD/MM

Documento 2 . Curriculum Vitae

Candidate First Name	
Candidate Last Name	
if any, Researcher Unique identifier(s) such as ORCID, Research ID, etc.	
URL personal webpage	

Country/countries of residence between 13th September 2020 and 13th September 2023 (More entries can be added if needed):		
Period from DD/MM/YYYY	Period to DD/MM/YYYY	Country

Doctorate Date of (expected) award:	
<i>Please note that if the doctoral degree has still to be awarded, applicants must have successfully defended their doctoral thesis before September 13th, 2023.</i>	
Institution that awarded (or will award) the PhD:	
Title of PhD thesis:	
No. of years of Full Time Research Experience after PhD award and until 13th September, 2023	
Current position	Position: Institution name and country: From: DD/MM/YYYY to DD/MM/YYYY
Previous position n. 1	Position: Institution name and country: From: DD/MM/YYYY to DD/MM/YYYY
Previous position n. 2	Position: Institution name and country: From: DD/MM/YYYY to DD/MM/YYYY
(More entries can be added if needed)
If any, career break (Maternity or paternity)	From: DD/MM/YYYY to DD/MM/YYYY

leave, Long-term illness, National service etc.) after the Doctorate award <i>All these circumstances will need to be properly documented.</i>	
Total full-time postdoc research experience (number of years)	Xxx

Have you submitted the same proposal in previous MSCA calls	YES/NO
If YES, please indicate if the score was less than 70% :	YES/NO
If NO, please indicate if your proposal received the Seal of Excellence (total score equal to or higher than 85%)	YES/NO

TRACK RECORD (max 4 pages)

Please provide a list of achievements reflecting your track record. Please follow the structure outlined below:

1. Fellowships [indicate for each fellowship start date, name of Institution, Dept/Faculty, Country]
2. Publications in peer-reviewed scientific journals, peer-reviewed conference proceedings and/or monographs or chapters in collective volumes of their respective research fields and any translations thereof, also indicating the number of citations (excluding self-citations) they have attracted.
3. Invited presentations to peer-reviewed, internationally established conferences and/or international advanced schools.
4. Research expeditions that you have led
5. Organization of International conferences in the field of the researcher (membership in the steering and/or programme committee)
6. Granted patent(s)
7. Examples of participation in industrial innovation
8. Prizes and Awards
9. Funding received so far
10. Supervising and mentoring activities
11. Other relevant information

Documento 3. Proposal template (max. 2 pages)

Please provide a summary presentation of the research proposal

1. Description of your project (1 page max.):

- the state-of-the-art in your research field and the knowledge gap/problem you are going to address.
- the objectives of your project.

2. Quality of supervision and integration in team/institution (1/2 page):

Shortly explain:

- the rationale for choosing the host organization to develop your research project
- how your supervisor’s qualifications and experience is consistent and match with your proposed research. Please:
 - *list up to 5 relevant publications co-produced by your supervisor linked to the topic of your proposal.*
 - *list up to 5 relevant EU, national or international research and training actions/projects linked to the topic of your proposal, in which USC has previously participated and/or is currently participating.*

3. Potential for enhancing your future career prospects after the fellowship (1/2 page):

Briefly describe:

- the new knowledge and new skills (including transversal skills) you would like to acquire during the fellowship.
- how the new competences and skills will have an impact on your future career prospects after the fellowship (Explicitly outline your career goals).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, NIF ***6729**, 16/03/2023 13:06:41.

CSV: 1675-5FE2-4DA9-B62B